

CONCURSO O CAMIÑO CO LAGARTO ROI

Todos os segredos do Camiño

A vindeira semana arranca un concurso que vos permitirá aprender todo o que non sabíades sobre a ruta xacobeá dun xeito moi divertido

Até Santiago de Compostela chegan cada ano miles de peregrinos de todos os lugares do



mundo. A ruta xacobeá impresiona pola súa beleza. Pero tamén pola historia que a acompaña. E a partir de agora retámosvos a que coñezades os segredos que agocha o Camiño de Santiago. E queremos que o fagades dun xeito moi divertido e acompañados por un curioso personaxe: o lagarto Roi.

Esta mascota invita a todos os estudantes a coñecer mellor o Camiño de Santiago mediante un xogo con preguntas. En cada unha destas cuestións, atoparedes diferentes enlaces a contidos didácticos que vos axudarán a dar coa resposta correcta. Ademais, para que vaiades ben preparados ao xogo, La Voz de la Escuela publicará cada semana contidos de apoio cos que podades ir aprendendo todos os segredos e as historias do Camiño que despois vos permitirán responder os cuestionarios de xeito correcto e así gañar un premio.

O xogo ten dous niveis: o básico e o avanzado. Cada un dos participantes ten que acertar vinte preguntas do nivel que elixa para poder conseguir un premio virtual. E se fallades algunha das cuestións? Pois non pasará nada, porque poderedes volver atrás



Unha peregrina goza do Camiño ao seu paso pola zona lucense de O Cebreiro. ÓSCAR CELA

e intentalo de novo con cuestións diferentes que vos lanzará o xogo.

Atoparedes toda clase de preguntas referentes ao Camiño, como por exemplo cantos quilómetros hai que andar para conseguir un certificado de peregrino. Pero tamén faredes dun xeito moi divertido un repaso da historia que hai detrás, posto que, a través de diferentes preguntas, se percorreren algunhas das curiosidades máis antigas da ruta xacobeá. Sabíades que os peregrinos medievais levaban

unha cabaza na cabeza? E sabíades por que o facían? A través dos textos que irá publicando La Voz de la Escuela e das preguntas poderedes ir descubrindo estas curiosidades. Cada unha das cuestións que incluírá o xogo presentará catro posibles opcións nas que só unha é a correcta. Todas as preguntas terán un enlace para complementar a información, polo que o traballo resultará realmente interesante non só para os máis pequenos, senón tamén para os profesores e para as familias.

PARA XOGAR

■ Durante doce semanas, La Voz de la Escuela publicará un texto semanal con historias e datos sobre o Camiño. Tereades que ir lendo os textos para saber as respostas do test.

■ Xunto cos textos, atoparedes un código QR para acceder ás instrucións.

■ A comezos de xuño, habilitarase a web cos tests e poderedes xogar e gañar un premio.



COÑECEA ROI

Un lagarto que vos axudará a gañar un premio

Ao longo desta aventura contaredes coa axuda dun pequeno lagarto. Roi será o voso compañeiro de viaxe e irá ensinándovos todo o que precisades para poder ir superando as probas deste particular concurso. O lagarto Roi será o mellor mestre de cerimonia. El invitaravos a coñecer mellor o Camiño de Santiago a través dun divertido xogo con preguntas sinxelas.

Ademais, Roi aparecerá a partir da semana que vén no interior das páxinas de La Voz de la Escuela. Tereades que atopalo. El será o encargado de darvos as primeiras pistas para que podades superar con éxito o test. Porque nas páxinas nas que apareza o lagarto Roi atoparedes algunhas das claves do Camiño e poderedes ler as historias máis curiosas da ruta xacobeá. Neses textos tereades as respostas que vos axudarán a superar despois con éxito os cuestionarios que se habilitarán a partir do mes de xuño. E para os que consigades superar o reto, haberá recompensa. Porque en calquera dos niveis, todos aqueles alumnos que sexades capaces de responder as vinte preguntas, obtenderes un premio. Que será? Pois poderedes ler o xornal do día que necesades.

Unha vez superada a proba correctamente, escolleredes a vosa data de nacemento e, tras facilitar un correo electrónico e a edición que máis preto se atope da vosa casa, o sistema enviará de xeito automático este interesante agasallo ao voso correo.

APRENDE CON LA PAC

La compra que salva nuestro planeta

El consumo de productos de proximidad ayuda al desarrollo de la economía rural local



■ Lee este código QR o teclea en la barra del buscador bitly.com/3p1MhR para ver un vídeo sobre las ventajas de consumir productos de proximidad

M. C.

Comprando en la tienda que tenemos cerca de casa un kilo de naranjas de Valencia en lugar de otras llegadas desde otros continentes estás ayudando al planeta. Y lo mismo sucede cuando elegimos unas patatas de Coristanco o unas lechugas cultivadas en un invernadero de Bergondo. Porque al escoger productos de cercanía y de temporada estamos reduciendo notablemente la huella de carbono. Y ¿qué

es eso? Pues son las emisiones de gases de efecto invernadero producidas, directa o indirectamente, por personas, empresas, organizaciones, productos... Por ello, al llevar a cabo prácticas que la reduzcan estamos poniendo nuestro granito de arena en la urgente lucha para mejorar la salud del planeta.

Al escoger unas patatas de Coristanco para echar al cocido en lugar de unas llegadas de muy lejos estamos reduciendo nuestras emisiones. Aunque solo sea por las que genera el transporte en el que los tubérculos llegan hasta aquí. Esa es una de las razones por las que la política agraria común (PAC) promueve el consumo

de productos de cercanía como una fórmula para cuidar el medio ambiente.

No solo eso, porque su consumo también contribuye al desarrollo de la economía de las zonas rurales en las que los agricultores o ganaderos cultivan o crían esos alimentos que luego llevamos a la cesta de la compra. Y asentando población en el campo con unas condiciones de vida que garantizan su bienestar económico y social es otro de los grandes objetivos de la PAC.

La compra de productos de proximidad lleva además asociada otra fórmula de consumo que contribuye a mejorar nuestra salud, por las cualidades nutri-

cionales que poseen esos alimentos. Son los productos de temporada. Una guía perfecta para determinar cuáles son es tomar como referencia los platos tradicionales propios de cada época del año. Un ejemplo es el cocido propio del carnaval, que disfrutamos hace unos pocos días.

El cocido

Pensemos únicamente en algunos de sus ingredientes. El lacaón, la pata delantera del cerdo, un animal que suele ser sacrificado en las casas gallegas entre los últimos meses del otoño o los primeros del invierno después de un largo año de cría. Las patatas, un tubérculo cuya recolección se

produce en torno al mes de septiembre (todo depende de la zona geográfica) y que ahora está perfecta para consumir. Los grelos, la verdura propia del invierno en Galicia. Y cómo no, los garbanzos, una legumbre que seca puede conservarse durante todo el año y que aporta nutrientes que son perfectos para poder mantener una salud de hierro.

Financiado por el programa IMCAP de la Unión Europea



El contenido de la presente publicación representa únicamente las opiniones del autor y es responsabilidad exclusiva de este. La Comisión Europea no asume ninguna responsabilidad por el uso que pudiera hacerse de la información contenida en dicho material.